



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLE/2019/3	O Pleno

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	29 de marzo de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 20:05 ata as 22:00 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	ELEUTERIO PENA LAMAS

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ



**Concello de Cangas**

78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior de data 22-02-19**

**Favorable**

**Tipo de votación:** ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

O Pleno da Corporación de Cangas acorda aprobar o borrador da acta da sesión anterior realizada o 22 de febreiro de 2019, coa rectificación sinalada.

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Sotelo Villar:** sinala que o grupo municipal do PP se absterá neste punto ao entender que a acta non reflexa fielmente a posición e o sentido do voto do seu partido nos asuntos tratados.

**Sra. Mercedes Giraldez:** solicita a rectificación da acta no punto 5 por incongruencia do posto na súa intervención.

**VOTACIÓN E ACORDO**

**A favor:** 12 (3 concelleiros/as de ACE, 4 concelleiros/as do BNG, 3 concelleiros/as de ASPUN, 1 concelleiro do PSOE e 1 concelleiro de Cangas Decide).

**Abstencións:** 8 (8 concelleiros/as do PP).

**Expediente 1651/2019. Transferencia de crédito TC 01 Pleno**

**Concello de Cangas**



**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 10, En contra: 8, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 25.03.2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da proposta de Alcaldía de data 21.03.2019, referente á aprobación da realización de transferencia de crédito, que é como segue:

**"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*En relación co expediente relativo á transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, formulo a seguinte proposta:*

**ANTECEDENTES DE FEITO**

*PRIMEIRO.- Mediante expediente de crédito extraordinario número 1/2018 acordouse a amortización anticipada total das seguintes operacións de endebedamento vixentes a 31/12/2017, agás a operación situada en primeiro lugar, denominada Banesto ICO 12/2ª Fase, que se amortiza parcialmente:*

OPERACIÓN DE CRÉDITO	IMPORTE INICIAL	PEND. A 31.03.18	CAPITAL 2º T 2018	INT. 2º T 2018	PEND.A 30.06.18
BANESTO ICO 12/2ª FASE	500.360,45 €	393.140,39 €	17.870,01 €	1.274,20 €	375.270,38 €
BANKIA ICO 2012	1.421.975,30 €	1.066.481,49 €	50.784,83 €	3.495,39 €	1.015.696,66 €
BANKINTER ICO 2012	504.101,73 €	378.076,32 €	18.003,63 €	1.225,38 €	360.072,69 €
BSCH ICO 2012	1.420.203,97 €	1.065.152,98 €	50.721,57 €	3.491,04 €	1.014.431,41 €
BBVA CRÉDITO	389.084,33 €	129.694,79 €	0,00 €	0,00 €	129.694,79 €
<b>TOTAIS</b>		<b>3.032.545,97 €</b>	<b>137.380,04 €</b>	<b>9.486,01 €</b>	<b>2.895.165,93 €</b>

*Paralelamente, tramitouse expediente de transferencia de créditos entre aplicación de distintas áreas de gasto a efectos de reclasificar orzamentariamente o aforro motivado pola amortización anticipada derivada do anterior expediente, por mor de que os importes consignados a efectos de afrontar os vencementos das distintas operacións resulta redundante. Na proposta de aquela modificación de créditos dicíase literalmente que:*

*Así, prevese un remanente de crédito por mor de non ter que afrontar parte dos vencementos do presente exercicio de 368.714,85 euros, de acordo co seguinte detalle:*

OPERACIÓN DE CRÉDITO	IMPORTE INICIAL	PEND. A 31.03.18	CAPITAL 2º T 2018	INT. 2º T 2018	PEND.A 30.06.18	AFORRO 2018
BANKIA ICO 2012	1.421.975,30 €	1.066.481,49 €	50.784,83 €	3.495,39 €	1.015.696,66 €	101.569,66 €
BANKINTER ICO 2012	504.101,73 €	378.076,32 €	18.003,63 €	1.225,38 €	360.072,69 €	36.007,26 €
BSCH ICO 2012	1.420.203,97 €	1.065.152,98 €	50.721,57 €	3.491,04 €	1.014.431,41 €	101.443,14 €
BBVA CRÉDITO	389.084,33 €	129.694,79 €	0,00 €	0,00 €	129.694,79 €	129.694,79 €
<b>TOTAIS</b>		<b>2.639.405,58 €</b>	<b>119.510,03 €</b>	<b>8.211,81 €</b>	<b>2.519.895,55 €</b>	<b>368.714,85 €</b>

*SEGUNDO.- A data actual, para o exercicio 2019 o orzamento para o exercicio 2018 está en situación de prórroga orzamentaria, e nos importes consignados para afrontar os vencementos das distintas operacións temos un remanente de crédito por importe de 368.714,85 € correspondente co menor gasto reflectido no exercicio anterior por mor do mencionado expediente de crédito extraordinario 1-2018.*



*TERCEIRO.- Ademais do anterior, consta no orzamento a aplicación 942/761, outras transferencias a Administracións Públicas, que ante a incertidume da súa utilización no presente exercicio, se opta por destinala a afrontar os gastos de que se trata no presente expediente, por importe de 200.000,00 euros, ante a urxencia de acometer as actuacións de que se trata.*

*CUARTO.- Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por tratarse de actuacións urxentes en materia de prestación de servizos públicos básicos, para os que o crédito consignado no vixente orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que cabe efectuar transferencias de créditos doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a áreas de gasto diferentes.*

**PROPOÑO AO PLENO**

*PRIMEIRO.- Aprobar a realización de transferencia de crédito entre as aplicacións que a continuación se describen:*

**APLICACIÓNS QUE SE MINORAN:**

APL.ORZAMEN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
011-913	Amortización préstamos	368.714,85
942-761	Outras transferencias a Admons. Públicas	200.000,00
	Total	568.714,85

**APLICACIÓNS QUE SE INCREMENTAN:**

APL.ORZAMEN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
161-609	Abastecemento e saneamento augas. Investimentos novos	330.000,00
171-609	Parques e xardíns. Investimentos novos en infraestruturas	40.000,00
450-609	Admon. Xeral Infraestruturas. Investimentos novos	30.000,00
342-609	Instalacións Deportivas. Investimentos novos en infraestruturas	45.000,00
342-623	Instalacións Deportivas. Investimentos novos en instalacións	53.714,85
1532-609	Pavimentación vías públicas. Investimentos novos infraestruturas	70.000,00
	TOTAL	568.714,85

*SEGUNDO.- Expor este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións. En caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas."*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Gestido Porto:** sinala que este expediente demostra a incompetencia do goberno para aprobar un orzamento e gustaríalle saber se eses cartos están xa asignados. Pon de manifesto os riscos da operación de conformidade co disposto polo informe de intervención.

**Sr. Iglesias Santos:** sinala que non entende por que non está aprobado un orzamento. Considera que todas estas obras atufan a electoralismo e non comprende como por un lado se pretende rescindir o contrato da auga e por outra banda pretenden que sexa o Concello quen financie as infraestruturas de saneamento de augas e actuacións como as levadas a cabo en Valentín Losada.



**O Alcalde:** sinala que esta modificación non ten nada que ver cas obras de Valentín Losada.

**Sr. Millán Blanco:** sinala que o Sr. Abalo Costa no mes de setembro de 2018 comentaba que so faltaban uns flecos para rematar o Orzamento 2019 e que, ben por cuestións técnicas, ben por falta de consenso no Goberno Municipal presenta no mes de marzo unha modificación presupostaria sobre o orzamento prorrogado.

Expón que as partidas minoradas implican a eliminación de posibles convenios para obras ca Deputación e que o superávit dedícase á inversións pola porta de atrás e con pretensións electorais.

Lembra que xa fai máis de dous anos o Partido Popular presentou mocións sobre a mellora dos bombeos e poñer en condicións o saneamento e se está a observar que a situación está moito peor e so se actúa agora por electoralismo.

**Sr. Abalo Costa:** expón que estas actuacións non teñen carácter electoralista xa que son obras que non teñen unha visualización para a cidadanía e que o uso do aforro xerado pola amortización anticipada pretende atender a necesidades. Lembra que en setembro do 2018 requiriu ás áreas os correspondentes orzamentos pero que por dificultades derivadas da xestión non se acadou ese acordo.

**Sr. Gestido Porto:** pregunta cal foi a última comisión informativa a que asistiu o Sr Abalo Costa que é o máximo responsable nesta materia. Recorda que non respondeu se se trata de obras que están feitas ou se están a facer e quere sinalar o cambio de criterio nesta materia que ten o Sr. Abalo Costa cando está nun lado ou outro da xestión municipal.

**Sr. Iglesias Santos:** sinala que o Goberno está lexitimado para gastar o diñeiro dentro da xestión política que lle corresponde pero facer unha transferencia a un mes de rematar o mandato.

**Sr. Millán Blanco:** sinala que é contraditorio falar da existencia de obras de carácter perentorio agora cando o Grupo Municipal do PP xa fixo esta advertencia fai 2 anos e lembra que no ano 2015 deixaron un orzamento aprobado e que isto ten un nome: electoralismo. Finalmente sinala que lle parece moi grave que se traia unha dación en conta sobre a aprobación do plan orzamentario.

**Sr. Abalo Costa:** sinala que se está utilizando o aforro xerado pola amortización das operacións de crédito e que aínda que as cousas non van ca celeridade que nos gustaría pero van pese os boicots existentes.

#### VOTACIÓN E ACORDO

**A favor:** 10 (3 concelleiros/as de ACE, 4 concelleiros/as do BNG e 3 concelleiros/as de ASPUN).

**En contra:** 8 (8 concelleiros/as do PP).

**Abstencións:** 2 (1 concelleiro do PSOE e 1 concelleiro de Cangas Decide).

Polo tanto, o Concello Pleno acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.



Concello de Cangas

**Expediente 1727/2019. Proposta apoio moción de “Querendo”, referente á atención a mulleres con endometriose.**

**Non hai acordo**                      **Motivo:** xa foi tratada noutro pleno.

Retírase por unanimidade dos seus membros presentes a proposta porque xa se tratou anteriormente noutro pleno.

**Expediente 1270/2019. Proposta-moción de “Cangas Decide” referente ao estado lamentable de varias plataformas de madeira en varios puntos do Concello**

**Favorable**                      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 25.03.2019.

*"MANTEMENTO PLATAFORMAS DE MADEIRA*

*D. José Luis Gestido Porto, voceiro do Grupo Municipal de CANGAS DECIDE, presentan para o seu debate en Pleno a seguinte PROPOSTA-MOCIÓN:*

*Cangas ten instaladas varias plataformas de madeira en diferentes puntos do noso Concello, algunha delas están nun estado lamentable, as cales están danadas, provocando numerosos accidentes nas persoas que circulas por elas.*

*As de máis tránsito son, as que transcorren pola praia de Rodeira e a do peirao, onde están instaladas as casetas dos mariñeiros. Estes lugares son utilizados por persoas maiores e por numerosos deportistas para facer running.*

*O recente accidente, durante un concerto en Vigo, O Marisquiño, obrigan ás administracións publicas a velar por evitar que isto poida volver producirse, por iso creemos a necesidade de actuar canto antes,*

*E polo que presentamos para seu debate no Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

- 1. Que se faga unha revisión da situación das devanditas plataformas.*
- 2. Que se poña en marcha un plan de mantemento para este tipo de instalacións".*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Iglesias Santos:** expón que con independencia da entidade que ten atribuídas as competencias o Concello debería facer algún tipo de informe ao respecto.

**Sr. Soliño Costas:** sinala que as plataformas deberían de estar sempre en perfecto estado pero non comparte co proponente da moción o comparar o estado das pasarelas de Cangas co caso do Marisquiño.

**Sra. Giraldez Santos:** sinala que o grupo de Goberno non ten problema en apoiar esta moción pero recorda que a pasarela do peirao é competencia de Portos e que no caso do resto de pasarelas

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





e especialmente a de Rodeira compre sinalar que se están a facer actuacións de mantemento nestas.

**Sr. Gestido Porto:** sinala que entende o constante deterioro derivado do uso das pasarelas pero recorda que é unha importante laboura que se debe facer de xeito correcto.

**Sr. Hermelo Álvarez:** sinala que o seu grupo apoiará a moción pero solicita que se retire a alusión ao Marisquiño.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

### **Expediente 1442/2019. Moción do PP referente ao réxime especial do mar**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dase conta do ditame favorable da Comisión Informativa Única realizada o día 25.03.2019.

*"José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do Grupo Municipal do PP de Cangas presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN:*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*A finais do ano pasado aprobouse o Real decreto lei 28/2018 para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego. Dito R.d. foi convalidado polo Congreso no mes de Xaneiro.*

*No debate, os Deputados do Grupo Popular xa denunciaron as consecuencias que ía a traer nas cotizacións aos traballadores do mar, dobrando na meirande parte dos casos o custo da Seguridade Social para as empresas pesqueiras e aínda que ese R.d. lei excluía eses incrementos para as embarcacións inferiores as 10 TM, cando se acode á emisión ao proxecto de orzamentos non se recolleu esta exclusión, co cal aos pescadores artesanais, ás mariscadoras e aos percebeiros lles dobran este tipo de cotización. Tamén aumentaría o custe das cotizacións nuns 60 €/mes e uns 6.000 €/ano como mínimo. E si temos en conta que estes barcos andan "a quiñón" ou "á parte", o montante que se reparte vai ser menor. As mariscadoras, a suba incrementa a contía de pago en arredor de 45€, ou o que é o mesmo, case un 25%.*

*E si a suba é importante, a vista das modificacións realizadas ningún colectivo obtén melloras nesta reforma que compense estes incrementos.*

*Por todo elo como pobo mariñeiro que somos, entendemos a necesidade de realizar unha defensa de que se corrixa ese aumento das cotizacións ou de compensar con novos avances en dereitos esta suba.*

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

*O Pleno do Concello de Cangas insta ao Goberno que salga das urnas do 28 de Abril, a que teña en conta os efectos perniciosos que esta suba de cotizacións terá sobre o persoal inscrito no Réxime Especial do Mar deixando sen efecto este R.d. lei 28/2018.*



**DELIBERACIÓNS:**

**Sra. Giraldez Santos:** expón a presentación da seguinte emenda á moción.

*“O Pleno do Concello de Cangas insta ao goberno central que deixe sen efecto a parte do Real Decreto 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización da pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, relativa ao incremento dos custes de cotización para o Réxime Especial do Mar mentres non se chegue a un acordo co conxunto do sector”.*

A emenda é aceptada polo propoñente.

**VOTACIÓN E ACORDO:** O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta que se transcribe a continuación:

**PROPOSTA DE ACORDO:**

*“O Pleno do Concello de Cangas insta ao goberno central que deixe sen efecto a parte do Real Decreto 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización da pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, relativa ao incremento dos custes de cotización para o Réxime Especial do Mar mentres non se chegue a un acordo co conxunto do sector”.*

**Expediente 1580/2019. Moción do PP referente a poñer a disposición da Deputación os terreos necesarios para obra mellora estrada provincial 1005 O Viso-O Igrexario**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dase conta do ditame favorable da Comisión Informativa Única realizada o día 25.03.2019.

*"José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do Grupo Municipal do PP de Cangas, presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*A pesar dos distintos anuncios, a realidade é que a Estrada Provincial 1005, despois de ter asinado o Concello de Cangas e a Deputación de Pontevedra un convenio en abril do 2015, catro anos despois segue exactamente no mesmo estado. Magnífica xestión do actual Goberno Municipal, que permite coa súa actuación que o millón de euros que tiña que aportar a Deputación sexa empregado noutros Concellos que non son precisamente os máis necesitados da Provincia.*

*O Grupo Municipal do PP de Cangas, presentou en distintas ocasións, mocións, rogos e tamén preguntas sobre este asunto. Así o pasado 15 de xaneiro de 2019 preguntamos se se renovou o convenio con outra prórroga e cales eran as previsións que tiña o Concello para que se liciten ducha vez as obras. Posteriormente o 23 de febreiro volvemos a presentar novas preguntas, pois no Pleno da Deputación do 31 de xaneiro de 2019 o Deputado responsable da Área de Mobilidade contesta a unhas preguntas efectuadas por un Deputado do Grupo Provincial do PP que as obras non se fan porque o Concello non efectuou a entrega dos terreos para acometer a obra.*





*As preguntas efectuadas por este portavoz como tantas outras a data de hoxe foron contestadas.*

*Por todo elo, efectuamos as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:*

*1º.- O Pleno da Corporación insta ao Goberno Municipal, a buscar a fórmula (ben sexa mediante cesións ou se non fora posible mediante expropiacións) para poñer a disposición da Deputación os terreos necesarios para levar a cabo a obra de Mellora da seguridade vairia da Estrada Provincial 1005 O Viso –O Igrexario.*

*2º.- O Pleno do Concello de Cangas insta á Deputación, previa posta a disposición por parte de Concello dos terreos necesarios, a axilizar os trámites necesarios para a licitación da citada obra".*

#### DELIBERACIÓNS:

**O Alcalde:** presenta in voce unha emenda á moción presentada polo Partido Popular de xeito que o punto primeiro da proposta quedaría da seguinte forma: “*O Pleno da Corporación insta ao Goberno Municipal a negociar as cesións veciñais ou xestionar coa Deputación posibles expropiacións se estas fosen necesarias*”.

**Sr. Soliño Costas:** acepta a emenda e expón a moción.

**Sr. Gestido Porto:** sinala que se trata dunha necesidade demandada desde fai tempo polos veciños do Hío.

**Sr. Iglesias Santos:** sinala que seguramente se houbera cartos no seu momento cando se firmou o Convenio xa estarían gastados. Expón que chegou a hora de que desde o Concello se xestione correctamente esta cuestión e se poña en coñecemento de todos os propietarios e veciños afectados para darlles información.

**Sr. Hermelo Álvarez:** sinala que apoiará a moción e lembra que o proxecto malparado fai xa 4 anos pola Deputación carece dos medios económicos necesarios pero seguen apoiando todas estas propostas.

**Sr. Abalo Costa:** sinala que o Concello está condicionado polo ámbito competencial das actuacións sendo preciso a existencia dunha partida para expropiacións pola Xunta.

**Sra. Giraldez Santos:** sinala que cando en Abril do 2015 se asina ese Convenio ca Deputación non existe proxecto, nin estaba valorado correctamente. Cando se presenta o proxecto so recolle as beirarrúas por un lado só o que non satisface nin ao Concello nin aos veciños reunidos en asemblea. Posteriormente notifícase polo Concello aos propietarios dos que se tiña coñecemento e que pese á información que se lle deu aos veciños desde o Concello non existía dotación orzamentaria suficiente e agora se está facendo traballo de campo pola Concellería de Urbanismo e considera preciso unha maior achega da Deputación de Pontevedra.

**Sr. Soliño Costas:** sinala que tras catro anos de parálise e catro mocións presentadas votadas ata o momento en contra. O que o Goberno municipal pretendía é que so existisen beirarrúas por un lado cando desde o PP búscase que todos os veciños tivesen beirarrúas. Comenta que preguntado na Deputación sobre o convenio comentan que está caducado pendente de prórroga e pendentes dos cartos de Cangas.



**O Alcalde:** sinala que as estradas se poden cruzar.

**Sr. Iglesias Santos:** sinala que cando dicía que hai que mellorar a xestión e información nesta materia considera preciso unificar entre as concellerías afectadas unha posición común e clara de cara ao cidadán.

**Sra. Giraldez Santos:** sinala que esa unidade de criterio debe ser dada polos técnicos do Concello e estes consideran que cos cartos do proxecto non dá para dúas beirarrúas e que mentres a Deputación non incremente a partida e presente garantías de execución dese proxecto o Concello de Cangas non porá a parte que lle queda por poñer, que en todo caso estase a facer un traballo de campo importante por parte da Concellería e expón que recentemente a veciñanza solicitou que polo menos se fíxese cunha beirarrúa.

**Sr. Soliño Costas:** sinala que a propia Presidenta da Deputación sinala que a obra se rematará no 2016 e pregúntase por que existen discrepancias entre os propios técnicos da Deputación sobre as posibilidades de realizar unha ou dúas beirarrúas. Que determinados veciños incluso dalgún dos partidos políticos do Goberno actual non quería ceder.

**O Alcalde:** sinala que quen estivo fagocitando o campo foi o PP e lembra que ata dous Conselleiras de Sanidade pasaron por aquí dicindo que o proxecto do Centro de Saúde estaba feito e non se fixo nada pero o que non é ético e acusar de levar cartos para facer outras actuacións.

**VOTACIÓN E ACORDO:** O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita a continuación:

**PROPOSTAS DE ACORDO:**

1º.- *“O Pleno da Corporación insta ao Goberno Municipal a negociar as cesións veciñais ou xestionar coa Deputación posibles expiacións se estas fosen necesarias”.*

2º.- *O Pleno do Concello de Cangas insta á Deputación, previa posta a disposición por parte do Concello dos terreos necesarios, a axilizar os trámites necesarios para a licitación da citada obra”.*

**Expediente 1590/2019. Moción do PP referente á xestión levada a cabo durante a presente lexislatura polo concelleiro de urbanismo**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 8, en contra: 10, abstencións: 2, ausentes: 0.

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 25.03.2019.

*“José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do Grupo Municipal do PP de Cangas, presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación, a seguinte MOCIÓN:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Desde o punto de vista do PP a nefasta xestión da area de Urbanismo merece a reprobación do*



*Concelleiro responsable.*

*Parécenos lamentable que de forma reiterada, o pouco que coñecemos a forza maioritaria desta Corporación do PXOM sexa a través dos titulares da prensa ou de filtracións efectuadas polos amigos do Sr. Concelleiro, o que é un claro exemplo da prepotencia e falta de transparencia do actual Goberno Municipal. Non nos sorprende pois o mesmo ocorreu na Lexislatura 2007-2011.*

*Episodios como o dos núcleos costeiros, a variante, os terreos de A Rúa, o acceso a Punta Couso, o borrador do estudo de Massó ou a falta de resposta a rogos, preguntas e mesmo mocións, algunha delas aprobadas por esta Corporación onde se instaba a elaboración dun cronograma dos prazos de PXOM, son mostras evidentes de ocultismo con que o Concelleiro de Urbanismo manexa un documento que por Lei, como representante dos cangueses/as temos dereito a coñecer. Os prazos do contrato coa empresa redactora están incumpridos.*

*Por todo elo efectuamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*O Pleno da Corporación reproba a xestión levada a cabo durante a presente Lexislatura, polo Concelleiro de Urbanismo".*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Soliño Costas:** expón a Moción.

**Sr. Gestido Porto:** sinala que está moi claro o pouco traballo que se fixo polo Concelleiro e invítalo a que non se presente.

**Sr. Iglesias Santos:** expón que está decepcionado coa xestión realizada pero non votará a favor da moción xa que é unha cuestión que a deixará en mans dos votantes o 26 de maio.

**Sr. Hermelo Álvarez:** sinala que non apoiará a moción xa que non será o Partido Popular quen lle sinale os tempos nesta cuestión.

**Sr. Abalo Costa:** explica que o Partido Popular durante o tempo de goberno no ámbito urbanístico non deixou máis que pufos e hipotecas para o Concello (Promalar, Masso...). Comenta que o Plan presenta unha alta complexidade e está sendo petardeado polo Partido Popular e que é curioso que un señor nulo en urbanismo veña demandando esta cuestión.

**Sr. Soliño Costas:** sinala que quen goberna na actualidade é o seu goberno e vostede na área de urbanismo. Sinala que na lexislatura pasada viñan todos os grupos políticos, agora oculta a información aos grupos e aos veciños. Expón que en Coiro resulta pública a actuación arbitraria en materia disciplinaria. Se Cangas non ten un PXOM é por culpa dunha persoa.

**O Alcalde:** expón que cando estaban na oposición non saían a vender borradores nas terrazas e terán acceso á documentación no momento procesal oportuno.

**Sr. Iglesias Santos:** sinala que inicialmente apoiou as actuacións do señor Abalo pero agora dubida moito que cheguemos a ver un documento do PXOM antes do remate da lexislatura.

**Sr. Abalo Costa:** expón que cando se fai referencia a posibles manipulacións na tramitación dos procedementos de disciplina urbanística compre recordar que non tivo a falta de ética de ter unha oficina aberta como Concelleiro de Urbanismo e estar traballando como Aparellador, e despois



calumniar sobre a situación de Coiro cando coñecemos o que facía o Sr. Soliño Costas en Donón para conseguir un enriquecemento. Lembra que o político non pode actuar nos expedientes de disciplina urbanística. Sinala que actualmente se está a traballar cunha empresa asesora na elaboración do PXOM.

**Sr. Soliño Costas:** sinala que a súa actividade é compatible con ser concelleiro e lembra que no tocante ao muro de coiro o Concello foi condenado en costas.

Incidencias: Acto seguido a estas palabras o Sr. Soliño Costas califica ao Sr Abalo Costa de “~~camello do urbanismo~~” e o acusa de precisar da política para “votar un polvo”. Comeza nese intre un cruce de acusacións que se trasladan ao punto seguinte de xeito que ó comezo da exposición do punto polo Sr. Iglesias Santos, o Sr. Abalo Costa procede a abandonar o Pleno dirixíndose ao Sr. Soliño Costas nos seguintes termos: “eres un auténtico fillo de puta”.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

**A favor:** 8 (8 concelleiros/as do PP).

**En contra:** 10 (3 concelleiros/as de ACE, 4 concelleiros/as do BNG e 3 concelleiros/as de ASPUN).

**Abstencións:** 2 (1 concelleiro de PSOE e 1 concelleiro de Cangas Decide).

Polo tanto, o Pleno da Corporación por maioría dos votos, acorda rexeitar integramente a moción transcrita anteriormente.

### **Expediente 1593/2019. Moción do PSOE pedindo conta ás consellerías de persoal, seguridade e urbanismo.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 19, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 25.03.2019.

*"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CANGAS ESIXINDO DACIÓN DE CONTA DA PLANIFICACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS "CONCELLERÍAS DE PERSOAL, SEGURIDADE E URBANISMO" AO LONGO DO MANDATO MUNICIPAL 2015-2019, TANTO A NIVEL DE OBXECTIVOS ACADADOS COMO DE CUMPRIMENTO ORZAMENTARIO.*

*ALFREDO IGLESIAS SANTOS, CONCELLEIRO-VOCEIRO DO PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA-PSOE no Concello de Cangas (Pontevedra), ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación, esta MOCIÓN, en base á seguinte:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*LEXISLATIVO: Ao abeiro do disposto nos artigos 20.1.c); 22.2.i); 77; 90 a 104 da Lei 7/1985,*



*Reguladora das bases de réxime local (LRBRL); arts. 14, 15, 16.1a), 91.4 e 97.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF); art. 6º da Carta Europea de autonomía local, de 15 de outubro de 1985; 75 CE, e demais normativa que poida resultar aplicable.*

*A) A escasos dous meses de rematar este Mandato Municipal 2015-2019, semella imprescindible que, como Alcalde e responsable da CONCELLERÍA DE PERSOAL DA CONCELLERÍA DE SEGURIDADE, se rendan contas ante os veciños deste Concello: Plantel Municipal e relación de postos de traballo (RPT); requisitos e criterios de adxudicación e reparto do Fondo Social entre os traballadores municipais en relación cos servizos que se prestan aos veciños e usuarios, etc.*

*E tamén, sobre a Área de Seguridade: Dotación da Policía Local e dos seus medios materiais, planificación e formación; mapa de emerxencias; violencia de xénero; acoso e ciberacoso escolar; seguridade cidadá e orde público; plans de emerxencia e de evacuación, etc.*

*B) Case catro anos despois de asumir o Goberno Municipal, considero que xa é chegado o momento de que o responsable da ÁREA DE URBANISMO facilite información puntual e completa ao Pleno da Corporación do estado do seu Departamento, nomeadamente sobre o PXOM e a planificación e negociacións con distintos actores como o Porto de Vigo e ABANCA respecto dos terreos da fronte marítima na Vila de Cangas, dos do Salgueirón (MASSÓ); Xunta de Compensación da Unidade de Actuación N°5 (Ponte do Ría Bouzós, SL, en terreos de Altamira), etc, así como sobre a execución das sentenzas xudiciais sobre os edificios da rúa Noria; do edificio do ximnasio Sport Club Morrazo, SL (vinculado á familia do Sr. Faro Lagoa); do edificio Las Palmeras, na Unidade de actuación N°19.2; da Planta de “Hormigones Luis Barros”, en A Portela; convenio urbanístico con PROMALAR, en Aldán; e tamén co relativo á legalidade urbanística do edificio de “Promociones Francisco Martínez Abal” no lugar de A Regueira – A Magdalena; diversas construcións ilegais na costa e praias de Cangas; núcleos urbanos do litoral; soterramento de liñas de suministro eléctrico, de gas, de comunicacións, etc; inventario de inmobles en estado ruinoso susceptibles de causar dano ás persoas na vía pública, etc.*

*Por tales motivos, o GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, seguindo no seu papel de oposición leal e construtiva, propón ao Pleno Municipal a toma dos seguintes acordos:*

*A) Instar ao responsable das CONCELLERÍAS DE PERSOAL e de SEGURIDADE a presentar ante o Pleno da Corporación do mes de abril de 2019, para o seu debate e aprobación, ou rexeite, a PLANIFICACIÓN destes Departamentos Municipais, indicando as medidas que se teñen adoptado desde 2015 ou se estean a adoptar ata o final deste mandato municipal, PORMENORIZANDO A PLANIFICACIÓN AO LONGO DESTES CATRO ANOS (2015-2019), TANTO A NIVEL DE OBXECTIVOS ACADADOS COMO DE CUMPRIMENTO PRESUPOSTARIO.*

*B) Instar ao responsable da CONCELLERÍA DE URBANISMO a presentar ante o Pleno da Corporación do mes de abril de 2019, para o seu debate e aprobación, ou rexeite, a PLANIFICACIÓN deste departamento municipal, indicando as medidas que se teñen adoptado desde 2015 ou se estean a adoptar ata o final deste mandato municipal, PORMENORIZANDO A PLANIFICACIÓN AO LONGO DESTES CATRO ANOS (2015-2019), TANTO A NIVEL DE OBXECTIVOS ACADADOS COMO DE CUMPRIMENTO ORZAMENTARIO”.*

**VOTACIÓN E ACORDO:** a **favor:** 19 (2 concelleiros/as de ACE, 4 concelleiros/as do BNG, 3 concelleiros/as, 8 concelleiros/as do PP, 1 concelleiro do PSOE e 1 concelleiro de Cangas Decide).

**Non presente:** Mariano Abalo Costa.



Concello de Cangas

Polo tanto, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

### **Dación de conta de resolucións da Alcaldía desde o 16 de febreiro ao 22 de marzo de 2019**

O Concello Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía ditadas desde o 16 de febreiro ata o 22 de marzo de 2019.

### **Dación de conta dos informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº 38 do orzamento municipal**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

### **Dación de conta do convenio da Policía Local entre o Concello de Cangas e a Xunta de Galicia**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

### **Dación de conta plan orzamentario**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

### **Dación conta información diversas áreas**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

## **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

**Sr. Millán Blanco:** roga que a dación de conta referente ao plan orzamentario se explique de xeito detallado e se é preciso se faga unha comisión.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850